

Bloque I. Cuestión 2.- OS POBOS PRERROMANOS DA PENÍNSULA IBÉRICA

Denomínanse pobos prerromanos ós poboadores que vivían na Península Ibérica no primeiro milenio a.C., no período que se correspondería coa Idade de Ferro.

A) Tartesos

Civilización que se desenvolveu no suroeste peninsular na primeira metade do primeiro milenio a.C. Textos gregos e romanos falan dunha civilización moi rica e brillante. Atopáronse restos importantes como o Tesouro de Carambolo (600-550 a.C.) pero non á altura do que describen os textos da época.

Tartesos organizábase arredor dunha pluralidade de centros de poder (non constituíu unha unidade política). Crese que os tartesos tiveron un importante comercio cos fenicios (ouro, prata e cobre), un gran desenvolvemento agrícola e unha forte diferenciación social (a aristocracia controlaba a maior parte da riqueza). A partir do século VII a.C., o crecente poder de Cartago, a substitución do bronce polo ferro, o esgotamento das minas... provocaron a decadencia desta cultura.

B) Iberos, celtas e celtiberos.

Durante o primeiro milenio conformáronse na Península dúas culturas distintas pero relativamente relacionadas entre si: a cultura celta e a cultura ibera. O contacto entre ambos os pobos foi intenso, e na zona de confluencia (zona central da Península) xurdiu unha cultura con características duns e outros á que se denomina celtibera.

Tiveron contacto con outros pobos europeos e da zona mediterránea (fenicios – chegaron á Península a mediados do século IX a.C., gregos e cartaxineses) dos que importaron costumes e formas de vida.

a) Os iberos: os pobos do sur e do levante.

Na zona mediterránea e meridional asentáronse diversos pobos (indixetes, ilerxetes, edetanos, oretanos, turdetanos...) que entre os séculos VII e II a.C. desenvolveron unha cultura común. A súa economía centrábase fundamentalmente na agricultura (cereais, vide, oliveira, liño, esparto), a metalurxia (fabricación de armas de ferro) e a gandería. Desenvolveron unha importante actividade comercial, chegando a cuñar moeda propia. A sociedade ibera era tribal e estaba moi xerarquizada en función do poder económico e militar. Os poboados, amurallados, situábanse en zonas de fácil defensa. A súa organización política estaba influenciada polo modelo de cidade-Estado (traído por fenicios e gregos), pero non constituíron unha unidade política.

Os principais elementos culturais iberos son: A escritura, expresión dunha lingua común, pero que empregaba diversos alfabetos. A relixión, que mesturaba crenzas ancestrais con influencias gregas e púnicas. A súa arte figurativa, na que predominaba a funcionalidade relixiosa ou funeraria. Representaron figuras humanas e de animais (reais ou imaxinarios), por exemplo: a Dama de Elx, ou a Dama de Baza.

b) Meseteños. Os pobos do centro e montañas

A presenza celta foi importante, pero a influencia dos colonizadores mediterráneo débil. Os celtas, procedentes de Europa Central entraron na Península en diversas ondas entre o 1.000 e o 500 a.C. Establecéronse no centro e no oeste da Península e na franxa cantábrica, mesturándose coas poboacións autóctonas (lusitanos, vacceos, vetóns, carpetanos, arévacos...). A escaseza de fontes dificulta o estudo dos celtas, pero está aceptado que se organizaban en tribos, habitaban poboados fortificados (Numancia, en Soria), falaban linguas indoeuropeas e non coñecían a escritura.

Nuns predominaba a actividade agrícola, noutros a gandeira. O desenvolvemento da artesanía e o comercio foi escaso (o uso da moeda era case descoñecido). Practicaban a incineración dos cadáveres, enterrados en campos de urnas. Coñecían a metalurxia do bronce e do ferro.

No aspecto artístico, destaca a cultura dos verracos (grandes esculturas de animais ligadas a cultos gandeiros, como os Touros de Guisando) entre os vetóns do val do Texo.

c) Os pobos do norte e occidente peninsular.

Galaicos, ártabros, ástures, cántabros, vascóns (un pobo de orixe pouco coñecida pero asentado no territorio desde o Paleolítico)... instaláronse desde Galicia ó Pirineo aragonés. Tiñan unha economía baseada na gandería, a recolección e a pesca. O peso da agricultura era escaso. Aportaron numerosos avances técnicos, como o uso da metalurxia do ferro. Os seus asentamentos máis representativos foron os castros, poboados defendidos por fortificacións (murallas, foxos, terrapléns) que acollen no seu interior construcións domésticas nas que domina a planta circular.

No noroeste desenvolveuse a cultura castrexa (exemplos en Galicia: Castro de Santa Tegra, en Pontevedra, o de Viladonga, en Lugo...), unha cultura indíxena influenciada polos celtas. Desenvólvese entre os séculos VII a.C. ó século I d.C. Os pobos castrexos non formaron unha unidade política, senón grupos máis ou menos homoxéneos e independentes, aliados ou enfrontados entre si. Non se coñece ben a súa organización social e política, pero debía existir unha certa estratificación social, detectable nas xoias (especialmente o torque), empregadas como signo de poder.

C) Cartaxineses ou púnicos

Cartago, colonia fenicia situada na actual Túnez, estendeu desde o século VI a.C. a súa influencia (Eivisa, Gadir...) e dominou as rutas marítimas do Mediterráneo occidental. Esta expansión provocou a Primeira Guerra Púnica (enfrentamento entre romanos e cartaxineses), gañada por Roma. Para compensar a súa derrota, os cartaxineses ocuparon o sur e leste peninsular, onde fundaron Cartaxena e acordaron cos romanos que o río Ebro delimitaba as súas áreas de influencia. Pero o ataque, en 219 a.C., de Aníbal Barca, xeneral cartaxinés, a Sagunto (colonia grega aliada de Roma) provocou a Segunda Guerra Púnica e o inicio da conquista da Península por Roma.



Tesouro do Carambolo (cultura tartésica)



Dama de Elx (cultura ibera)



Verracos: Touros de Guisando, Ávila (cultura celtíbera)



Castro de Santa Tegra, A Guarda (Pontevedra)

